


## Relacións institucionais

<p><b>Ordenanzas municipais</b></p>	<p><b>ORDENANZAS REGULADORAS DA SACA E TRANSPORTE DE MADEIRA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> <b>Concellos de Guitiriz e Maside:</b> en defensa dos intereses dos seus asociados, <b>FEARMAGA presentou alegacións</b> ás das ordenanzas o pasado mes de xullo.</li> <li><input type="checkbox"/> <b>Concello de Muras:</b> o Concello <b>estimou parcialmente as alegacións presentadas por FEARMAGA</b> incorporándoas ao texto definitivo da ordenanza. <a href="#">Texto</a> e <a href="#">resume</a></li> </ul>
<p><b>PDR 2014-2020 – AXUDAS FEADER</b></p>  <p>FEADER: Europa inviste no rural</p>	<p><b>ELIMINACIÓN DO LÍMITE DE 10.000 M3 DE CONSUMO EN SERRADOIROS:</b></p> <p>Medio Rural ven de facer pública a nova versión do PDR (aprobada pola Comisión Europea) na que se elimina calquera limitación por volume de consumo e que será de aplicación nas vindeiras convocatorias de axudas. Deste modo, culminan satisfactoriamente as xestións realizadas por FEARMAGA no dous últimos anos.</p>
<p><b>PARLAMENTO DE GALICIA</b></p>	<p><b>APROBADA A LEI DE FOMENTO DA IMPLANTACIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAS:</b></p> <p>Esta lei ven a atender unha <b>demanda histórica de FEARMAGA</b> no relativo á necesidade de <b>simplificar e axilizar os permisos de corta</b>. Posibilitará, a substitución da autorización por unha declaración responsable (con prego de prescrición sectorial se existe algunha afección) e, noutros casos, que a administración forestal actúe como “xanela única” e solicite os informes sectoriais necesarios. Está pendente súa entrada en vigor.</p>

## Servicios prestados a socios

 <p>Grupo Galego de Certificación Forestal e Cadea de Custodia</p>	<p><b>SUPERADA A AUDITORÍA ANUAL DE CDC-FSC:</b></p> <p>O pasado mes de setembro, o <b>grupo de Cadena de Custodia FSC</b> do CFCCGA superou con éxito a súa primeira auditoría de seguimento. Actualmente, o grupo está integrado por un total de 11 empresas.</p>
	<p><b>APOIO TÉCNICO ÁS CADEAS DE CUSTODIA:</b></p> <p>FEARMAGA continúa prestando apoio técnico ás empresas durante os procesos de <b>implantación e auditoría externa de cadeas de custodia individuais</b>. Nos últimos meses, 15 empresas solicitaron este servizo.</p>
<p><b>AXUDAS FEADER</b></p>  <p>FEADER: Europa inviste no rural</p>	<p><b>CONCESIÓN DE “AXUDAS FEADER” 2017 – SERRADOIROS E REMATANTES:</b></p> <p><b>FEARMAGA acadou axudas para máis do 80% das empresas</b> que confiaron nos nosos servizos o que posibilitou unha inversión total de preto de <b>1,7 millóns de euros</b>.</p>
<p><b>EUTR</b></p> 	<p><b>ASESORAMENTO NOS CONTROIS A AXENTES E COMERCIANTES:</b></p> <p>FEARMAGA continúa prestando asesoramento ás empresas para dar resposta aos requirimentos de emenda que recibiron no marco das inspeccións efectuados polas Consellerías de Medio Rural e Industria e respecto do <b>Sistema de Dilixencia Debido</b>.</p>
	<p><b>REUNIÓN COMARCAIS:</b></p> <p>Celebráronse dúas reunións nas comarcas de <b>Vimianzo e Ferrol</b> co obxectivo de coñecer, de primeira man, as dificultades e necesidades coas que se atopan as empresas no seu día a día e trasladar aos socios información pormenorizada sobre os distintos temas nos que estamos traballando.</p>
	<p><b>CURSOS HOMOLOGADOS DO SECTOR:</b></p> <p>Celebráronse os seguintes cursos válidos para as “axudas FEADER”.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> “Inventarios de vexetación”</li> <li><input type="checkbox"/> “Posta en marcha de motoserra”</li> </ul>

## Reserva na túa axenda

<p><b>XORNADA PRL</b></p>	<p><b>COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS NO SECTOR FORESTAL</b> (Santiago de Compostela, 03/11/2017). Organizada por FEARMAGA e contará ca presenza de representantes de inspección de traballo, da fiscalía e do ISSGA.</p>
---------------------------	--